

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32001683	IES Martaguisela	O Barco de Valdeorras	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Debuxo artístico I	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	18
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	18
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	21

1. Introducción

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A realidade que nos rodea, o noso ámbito proporcioa dunha maneira ininterrompida información de carácter bi e tridimensional. Moitas veces non somos conscientes das formas nin dos obxectos a súa creación, o seu deseño, a súa estrutura, das súas cores e texturas. Esta área terá como obxectivo primordial conseguir que a percepción dos elementos

da nosa contorna: obxectos, estruturas, formas, imaxes ao fin e o cabo se faga dunha maneira consciente para que poidan

ser analizados dentro do espazo que ocupan e respecto das características que lles son inherentes.

É a nosa unha época de sobreesaturación informativa: as imaxes proliferan por todas partes, especialmente as que proveñen

dos medios de comunicación e as novas tecnoloxías. A Ed. Plástica e Visual ao seren unha linguaxe proporciona ó alumno

dous niveis de comunicación: o comprensivo e o produtivo, é dicir, entender as mensaxes e saber producilas para se expresar. Así como obxectivo fundamental da área perseguiremos que os alumnos desenvolvan as capacidades necesarias

para acadar as funcións básicas de saber ver, saber interpretar e saber facer. Búscase que os alumnos adquiren a capacidade de apreciar o seu entorno visual, tanto na natureza como na creación humana, os valores propios das artes

visuais e saber expresar os seus sentimentos, ideas e vivencias por medio da linguaxe plástico visual.

Aprender a VER: pon ós alumnos en contacto con obras xa realizadas para que observen as peculiaridades que as determinan nun determinado campo de la expresión plástica.

Aplicanse os coñecementos adquiridos na observación de novas obras que teñan carácter exemplificador.

Aprender a INTERPRETAR: leva ós alumnos a recoñecer os trazos que fan que unha obra teña claridade estética ou rigor

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o debuxo como forma de coñecemento, comunicación e expresión, comparando o uso que se fai del en manifestacións culturais e artísticas de diferentes épocas, lugares e ámbitos disciplinares e valorando a diversidade de significados que orixina para apreciar a importancia da diversidade cultural e a relevancia da conservación e da promoción do patrimonio.	1-3	3				1-3		1-2
OBX2 - Analizar con actitude crítica e reflexiva, utilizando a terminoloxía específica adecuada, producións plásticas de distintas épocas e estilos artísticos, recoñecendo a linguaxe, as técnicas e os procedementos, a función significativa e a expresividade do debuxo presentes nelas, para desenvolver a conciencia visual e o criterio estético e ampliar as posibilidades de gozar da arte.	1	2-3				1-3		1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Analizar, interpretar e representar a realidade, utilizando os recursos elementais e a sintaxe do debuxo, para ofrecer unha visión propia desa realidade, potenciar a sensibilidade e favorecer o desenvolvemento persoal e artístico.					11-12	1-2		31
OBX4 - Experimentar con diferentes materiais, técnicas e soportes, incluído o propio corpo, e analizar a importancia deste nas propostas artísticas contemporáneas para descubrir o xesto do debuxo e a apropiación do espazo como medios de autoexpresión e aceptación persoal.					50	1-3		1-31-32
OBX5 - Utilizar a práctica do debuxo como medio de expresión de ideas, opinións, sentimentos e emocións, investigando os referentes culturais das novas creacións como parte inherente a estas, para ampliar o repertorio artístico e enriquecer as producións propias.						1-3		1-2-31
OBX6 - Realizar producións gráficas expresivas e creativas valorando a importancia dos elementos da linguaxe gráfica e a súa organización na definición dun estilo persoal, para progresar na execución técnica e nas calidades comunicativas e expresivas das producións propias.					11-50			32-41-42
OBX7 - Experimentar coas técnicas propias do debuxo identificando as ferramentas, medios e soportes necesarios e analizando o seu posible impacto ambiental, para integralas de forma creativa e responsable na realización de producións gráficas.			1	2	50	1-4	1	41-42
OBX8 - Adaptar os coñecementos e as destrezas adquiridas desenvolvendo a retentiva e a memoria visual para responder con creatividade e eficacia a novos desafíos de representación gráfica.					11-50	1		41-42
OBX9 - Crear proxectos gráficos colaborativos contribuíndo de forma creativa á súa planificación e realización e adaptando o deseño e o proceso ás características propias dun ámbito disciplinar, para descubrir posibilidades de desenvolvemento académico e profesional e apreciar o enriquecemento que supoñen as propostas compartidas.			2-3		31-40		1-3	41-42

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O DEBUXO COMO FERRAMENTA	Diferentes modos de ver e debuxar. Debuxo e función Expresión da subxectividade Materiais, utensilios e soportes básicos Introdución ás técnicas secas e á súa aplicación	20	25	X		
2	LIÑA E FORMA	Elementos básicos na configuración da forma. A liña como elemento configurador A perspectiva intuitiva e a súa aplicación no debuxo artístico	20	40	X		
3	A COMPOSICIÓN E OS SEUS FUNDAMENTOS.	Psicoloxía da forma. Leis visuais que rexen as relacións entre as formas do cadro. Composición intuitiva. Concepto de equilibrio visual.	20	25		X	
4	A LUZ. O CLAROSCURO E A TEXTURA.	A mancha como elemento configurador do volume. O claroscuro A construción das sombras. Valores tonais Iluminación. Tipos de luz e o seu comportamento	20	25		X	
5	A COR.	Teoría da cor. Natureza. Dimensións e comportamento da cor Expresividade da cor.	20	25			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O DEBUXO COMO FERRAMENTA	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar a pluralidade cultural e artística relacionándoa coa liberdade de expresión, argumentando a opinión propia de forma activa, comprometida e respectuosa e analizando os usos do debuxo en diversas manifestacións artísticas.	Empregar con propiedade a terminoloxía sen que existan ambigüidades e falsos sinónimos no uso dos termos.	PE	5
CA1.1 - Identificar o debuxo como forma de coñecemento, comunicación e expresión, reflexionando con iniciativa sobre a súa presenza en distintas manifestacións culturais e artísticas e comparando de forma autónoma o seu uso nestas.	Representar obxectos polo seu contorno, as súas liñas e superficies, atraendo os seus valores expresivos, textura, cor, liña, ...	TI	95
CA2.4 - Achegar unha pegada e un xesto propios á realización de debuxos combinando de maneira adecuada o uso tradicional de diferentes materiais, soportes e técnicas, cunha manipulación persoal e creativa.	Definir un obxecto en distintos niveis icónicos: apunte, esquema, esbozo e estudio e con distintas técnicas: lapis, rotulador, etc., para entender os temas o través de diferentes prismas e seleccionar así o seu punto de vista.		
CA2.7 - Representar graficamente o modelo elixido, seleccionando e abstraendo as súas características máis representativas a partir do estudo e da análise deste.	Representar obxectos sinxelos tal e como os vemos, en claroscuro, sabendo elixir o punto de vista axeitado		
CA2.8 - Utilizar o encadramento, o encaixe e a perspectiva na resolución de problemas de representación gráfica analizando tanto os diferentes volumes coma o espazo que completa o conxunto.	Representar formas naturais. Encaixe e proporción. Criterio co que se comprobaran as capacidades perceptiva e expresiva, sentido espacial, destreza, ...		
CA3.1 - Experimentar con sensibilidade as posibilidades expresivas dos recursos elementais do debuxo, a composición e os sistemas de ordenación na sintaxe visual, mellorando o proceso de creación gráfica.	Uso axeitado da cor e da armonía da cor		
CA3.2 - Realizar composicións bidimensionais, figurativas ou abstractas, explorando a percepción e a ordenación do espazo e indagando sobre a representación do corpo humano e a súa posible utilización como soporte ou como ferramenta gráfica.	Estudios da figura humana: Luz, movemento, expresividade da pose, proporcións... Para valorar a expresión global da forma corporal feminina e masculina, a súa articulación, orientación		
CA3.4 - Representar graficamente o espazo elixido, seleccionando e abstraendo as súas características máis representativas a partir do estudo e da análise deste.	Representar formas descritivo-científicas para distinguir os aspectos e partes dun obxecto		
CA4.1 - Identificar os referentes artísticos dunha obra determinada con relación ao uso da luz e da cor que se fai nela describindo a influencia que exercen e as relacións que se establecen.	Ser quen de analizar e interpretar unha obra pictórica o de texto en claroscuro e a cor		
CA4.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións a través de creacións gráficas e debuxos propios incorporando, de forma guiada, procedementos ou técnicas de claroscuro e cor utilizados en referentes artísticos de interese para o alumnado.	Realiza traballos onde exprese emocións		
CA4.3 - Analizar e empregar con intencións comunicativas ou expresivas os mecanismos da percepción visual referidos á luz, ao claroscuro e á cor e as súas leis e principios mostrando interese nas súas aplicacións.	Transmite ideas sinxelas nos traballos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Seleccionar e utilizar con destreza as ferramentas, medios e soportes máis adecuados á intención creativa empregando os valores expresivos do claroscuro e da cor nunha interpretación gráfica persoal da realidade.	Manexa as ferramentas de traballo de xeito correcto.		
CA6.3 - Analizar as dificultades xurdidas na planificación e realización de proxectos gráficos compartidos entendendo este proceso como un instrumento de mellora do resultado final.	Representar mediante liñas e sombreado, obxectos con marcado volume. Se valorará a definición nas realización e o efecto de volume e perspectiva.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Terminoloxía e materiais do debuxo. - O debuxo na arte: desde a Antigüidade ata o Romanticismo. Obras máis representativas de diferentes creadores e creadoras. - Técnicas gráfico-plásticas, secas e húmidas. - Materiais gráfico-plásticos. Seguridade, toxicidade, impacto ambiental e sustentabilidade. - A composición como método. O equilibrio compositivo. Direccións visuais. Aplicacións. - Sistemas de ordenación na sintaxe visual. Aplicacións. - A luz e o volume. - Tipos de luz e de iluminación. - Valoración tonal e claroscuro. - Natureza, percepción, psicoloxía e simboloxía da cor. - Monocromía, bicromía e tricromía. Aplicacións básicas da cor no debuxo. - A distribución de tarefas nos proxectos gráficos colaborativos: criterios de selección a partir das habilidades requiridas e das necesidades do proxecto. - Fases dos proxectos gráficos. - Estratexias de selección de técnicas, ferramentas, medios e soportes do debuxo adecuados a distintas disciplinas. - Estratexias de avaliación das fases e os resultados de proxectos gráficos. O erro como oportunidade de mellora e aprendizaxe.

UD	Título da UD	Duración
2	LIÑA E FORMA	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comparar as múltiples funcións do debuxo a través da análise autónoma do seu uso en producións de distintos ámbitos disciplinares.	Utiliza con corrección os materiais e procedementos nos traballos propostos, desenvolvéndose cun linguaxe propio da materia.	TI	100
CA1.6 - Identificar os referentes artísticos dunha obra determinada describindo a influencia que exercen e as relacións que se establecen entre eles e en diferentes ámbitos disciplinares.	Comprende e debuxa as formas cunha finalidade expresiva, analítica ou descritiva dentro dunha composición		
CA2.2 - Experimentar con sensibilidade as posibilidades expresivas dos recursos elementais do debuxo (punto, liña, forma) e da súa sintaxe, mellorando o proceso de creación gráfica.	Selecciona os elementos gráficos esenciais para a representación da realidade.		
CA2.3 - Analizar, interpretar e representar graficamente a realidade mediante bosquexos e esbozos, utilizando as técnicas e ferramentas adecuadas e desenvolvendo unha expresión propia, espontánea e creativa.	Describe graficamente as formas atendendo ás súas proporcións, relacionándoas con formas xeométricas simples		
CA2.6 - Propoñer distintas solucións gráficas a unha mesma proposta visual, utilizando diferentes niveis de iconicidade, identificando as ferramentas, medios e soportes necesarios e xustificando razoada e respectuosamente a elección realizada.	Representa o volume, o espazo e a textura mediante valores lumínicos tanto cromáticos como acromáticos		
CA3.1 - Experimentar con sensibilidade as posibilidades expresivas dos recursos elementais do debuxo, a composición e os sistemas de ordenación na sintaxe visual, mellorando o proceso de creación gráfica.	Coñece o valor expresivo e configurador da luz, en valores tanto acromáticos como cromáticos.		
CA3.2 - Realizar composicións bidimensionais, figurativas ou abstractas, explorando a percepción e a ordenación do espazo e indagando sobre a representación do corpo humano e a súa posible utilización como soporte ou como ferramenta gráfica.	Comprende as formas e as describe graficamente atendendo ás súas proporcións		
CA3.4 - Representar graficamente o espazo elixido, seleccionando e abstraendo as súas características máis representativas a partir do estudo e da análise deste.	Relaciona e representa as formas no plano atendendo ás leis visuais asociativas, ás organizacións compositivas, ao equilibrio e ás direccións visuais en composicións cunha finalidade expresiva, analítica ou descritiva.		
CA3.5 - Utilizar o encadramento, o encaixe e a perspectiva na resolución de problemas de representación gráfica analizando os diferentes volumes, as súas proporcións e posición relativa e tamén o espazo que completa o conxunto.	Selecciona os elementos gráficos esenciais para a representación da realidade observada segundo a función que se persiga		
CA4.1 - Identificar os referentes artísticos dunha obra determinada con relación ao uso da luz e da cor que se fai nela describindo a influencia que exercen e as relacións que se establecen.	Recoñece solucións lumínicas tomadas en de épocas anteriores		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións a través de creacións gráficas e debuxos propios incorporando, de forma guiada, procedementos ou técnicas de claroscuro e cor utilizados en referentes artísticos de interese para o alumnado.	Coñece o valor expresivo e configurador da luz, en valores tanto acromáticos como cromáticos,.		
CA4.3 - Analizar e empregar con intencións comunicativas ou expresivas os mecanismos da percepción visual referidos á luz, ao claroscuro e á cor e as súas leis e principios mostrando interese nas súas aplicacións.	Relaciona e representa as formas cunha finalidade expresiva, analítica ou descritiva.		
CA4.4 - Seleccionar e utilizar con destreza as ferramentas, medios e soportes máis adecuados á intención creativa empregando os valores expresivos do claroscuro e da cor nunha interpretación gráfica persoal da realidade.	Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráficas, adecuándoos ao obxectivo plástico desexado		
CA6.3 - Analizar as dificultades xurdidas na planificación e realización de proxectos gráficos compartidos entendendo este proceso como un instrumento de mellora do resultado final.	Utiliza con corrección os materiais e procedementos nos traballos propostos, desenvolvéndose cunha linguaxe propio da materia		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O debuxo como proceso interactivo de observación, reflexión, expresión, imaxinación, representación e comunicación. - O punto e as súas posibilidades plásticas e expresivas. - A liña: trazo e grafismo. As tramas. - O bosquejo ou esbozo. Introducción ao encaixe. - A composición como método. O equilibrio compositivo. Direccións visuais. Aplicacións. - Sistemas de ordenación na sintaxe visual. Aplicacións. - Introducción á representación do espazo mediante a perspectiva. - A luz e o volume. - Tipos de luz e de iluminación. - Valoración tonal e claroscuro. - Natureza, percepción, psicoloxía e simboloxía da cor. - Monocromía, bicromía e tricromía. Aplicacións básicas da cor no debuxo. - A distribución de tarefas nos proxectos gráficos colaborativos: criterios de selección a partir das habilidades requiridas e das necesidades do proxecto. - Estratexias de avaliación das fases e os resultados de proxectos gráficos. O erro como oportunidade de mellora e aprendizaxe.

UD	Título da UD	Duración
3	A COMPOSICIÓN E OS SEUS FUNDAMENTOS.	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Analizar a linguaxe, as técnicas e os procedementos do debuxo en diferentes propostas plásticas entendendo os cambios que se produciron nas tendencias ao longo da historia e utilizando a terminoloxía específica máis adecuada.	Valora e coñece a importancia do debuxo artístico, as súas aplicacións e as súas manifestacións a través da historia e na actualidade, co estudo e a observación de obras e artistas significativos/as		
CA1.5 - Analizar distintas manifestacións culturais e artísticas comprendendo a función que desempeña o debuxo nestas e valorando o enriquecemento que supoñen para a sociedade os retos creativos e estéticos.	Selecciona, relaciona e emprega con criterio a terminoloxía específica, de forma oral e escrita, en postas en común ou probas individuais, aplicada a producións propias ou alleas		
CA1.7 - Expresar ideas, opinións, sentimentos e emocións a través de creacións gráficas e debuxos propios incorporando, de forma guiada, procedementos ou técnicas utilizados en referentes artísticos de interese para o alumnado.	Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráficas, adecuándoos ao obxectivo plástico desexado		
CA2.1 - Analizar a linguaxe, os materiais, as técnicas e os procedementos do debuxo en diferentes propostas plásticas entendendo os cambios que se produciron no seu uso ao longo da historia e utilizando a terminoloxía específica máis adecuada.	Utiliza a liña na descrición gráfica de obxectos expresando volume, movemento, espazo e sensacións subxectivas.		
CA2.5 - Expresar a través do trazo e do xesto do debuxo unha visión propia da realidade ou do mundo interior, experimentando cos elementos da linguaxe gráfica e coas súas formas, signos, posibilidades expresivas e efectos visuais.	Expresarse en relación ás linguaxes gráficas, adecuándoos ao obxectivo plástico desexado	TI	100
CA3.1 - Experimentar con sensibilidade as posibilidades expresivas dos recursos elementais do debuxo, a composición e os sistemas de ordenación na sintaxe visual, mellorando o proceso de creación gráfica.	Comprende e representa as formas dende distintos puntos de vista		
CA3.3 - Comprender e empregar con intencións comunicativas ou expresivas os mecanismos da percepción visual, as súas leis e principios, así como a composición e a ordenación de elementos no espazo mostrando interese nas súas aplicacións.	Mostra o coñecemento, con explicacións gráficas, dos fundamentos teóricos da cor en composicións e estudos cromáticos		
CA3.4 - Representar graficamente o espazo elixido, seleccionando e abstraendo as súas características máis representativas a partir do estudo e da análise deste.	Representa o volume, o espazo e a textura aplicando técnicas gráfico-plásticas mediante valores lumínicos.		
CA3.5 - Utilizar o encadramento, o encaixe e a perspectiva na resolución de problemas de representación gráfica analizando os diferentes volumes, as súas proporcións e posición relativa e tamén o espazo que completa o conxunto.	Relaciona e representa as formas no plano atendendo ás leis visuais asociativas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar os referentes artísticos dunha obra determinada con relación ao uso da luz e da cor que se fai nela describindo a influencia que exercen e as relacións que se establecen.	Coñece o valor expresivo e configurador da luz, en valores tanto acromáticos como cromáticos.		
CA4.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións a través de creacións gráficas e debuxos propios incorporando, de forma guiada, procedementos ou técnicas de claroscuro e cor utilizados en referentes artísticos de interese para o alumnado.	Aplica de maneira expresiva a cor na obra plástica persoal.		
CA4.3 - Analizar e empregar con intencións comunicativas ou expresivas os mecanismos da percepción visual referidos á luz, ao claroscuro e á cor e as súas leis e principios mostrando interese nas súas aplicacións.	Representa o volume, o espazo e a textura mediante valores lumínicos .		
CA4.4 - Seleccionar e utilizar con destreza as ferramentas, medios e soportes máis adecuados á intención creativa empregando os valores expresivos do claroscuro e da cor nunha interpretación gráfica persoal da realidade.	Representa o volume, o espazo e a textura aplicando técnicas gráfico-plásticas mediante valores lumínicos.		
CA5.1 - Comparar as múltiples funcións do debuxo e da pintura dixital a través da análise autónoma do seu uso en producións de distintos ámbitos disciplinares.	Analiza a linguaxe gráfica observando producións artísticas de referencia no ámbito dixital.		
CA5.2 - Achegar unha pegada e un facer propios á realización de producións gráficas, combinando o uso das tecnoloxías e das ferramentas de edición dixitais, de forma persoal e innovadora.	Demostra o coñecemento gráfico, dos fundamentos no uso das tecnoloxías e das ferramentas de edición dixitais.		
CA5.3 - Seleccionar e utilizar con destreza as ferramentas de edición propias de cada programa de pintura ou debuxo dixital máis adecuadas á intención creativa, nunha interpretación gráfica persoal da realidade.	Utiliza con destreza as ferramentas de edición propias de cada programa de pintura ou debuxo dixital máis adecuadas á intención creativa		
CA5.4 - Investigar de forma activa e aberta sobre a presenza de tecnoloxías dixitais en referentes artísticos contemporáneos integrándoas no proceso creativo e expresivo propio.	Investiga de forma activa e aberta sobre a presenza de tecnoloxías dixitais en referentes artísticos contemporáneos		
CA5.5 - Representar graficamente o modelo elixido mediante procedementos de debuxo dixital, seleccionando e abstraendo as súas características máis representativas a partir do estudo e da análise deste.	Representa graficamente un modelo elixido mediante procedementos de debuxo dixital.		
CA6.1 - Planificar proxectos gráficos colaborativos sinxelos identificando o ámbito disciplinar en que se desenvolverá, organizando e distribuindo as tarefas de maneira adecuada e determinando as diferentes fases do proxecto.	Organizando e distribue as tarefas de maneira adecuada segundo as diferentes fases do proxecto.		
CA6.2 - Realizar proxectos gráficos colaborativos enmarcados nun ámbito disciplinar concreto utilizando con interese os valores expresivos do debuxo artístico e os seus recursos.	Realiza proxectos gráficos colaborativos enmarcados nun ámbito disciplinar concreto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Analizar as dificultades xurdidas na planificación e realización de proxectos gráficos compartidos entendendo este proceso como un instrumento de mellora do resultado final.	Entende o proceso de traballo como un instrumento de mellora do resultado final.		
CA6.4 - Identificar posibilidades de desenvolvemento académico e profesional relacionadas co debuxo artístico comprendendo as oportunidades que ofrece e o valor engadido da creatividade nos estudos e no traballo e expresando a opinión propia de forma razoada e respectuosa.	Comprende as oportunidades que ofrece a creatividade cara os estudos e no traballo expresando a opinión propia de forma razoada e respectuosa		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O debuxo como parte de múltiples procesos artísticos e técnicos. Ámbitos disciplinares: artes plásticas e visuais, deseño, arquitectura, ciencia e literatura. - A forma. Análise da súa tipoloxía. Diferentes aplicacións e combinacións. - Niveis de iconicidade da imaxe. - Fundamentos da percepción visual. - Principios da psicoloxía da Gestalt. - Ilusións ópticas. - Sistemas de ordenación na sintaxe visual. Aplicacións. - A luz e o volume. - Tipos de luz e de iluminación. - Valoración tonal e claroscuro. - Natureza, percepción, psicoloxía e simboloxía da cor. - Monocromía, bicromía e tricromía. Aplicacións básicas da cor no debuxo. - Introducción ao debuxo e á imaxe dixital. O seu uso en diferentes ámbitos disciplinares. - Debuxo vectorial. - Ferramentas de edición de imaxes para a expresión artística. - Programas de pintura e debuxo dixital. - A distribución de tarefas nos proxectos gráficos colaborativos: criterios de selección a partir das habilidades requiridas e das necesidades do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
4	A LUZ. O CLAROSCURO E A TEXTURA.	25

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar os referentes artísticos dunha obra determinada con relación ao uso da luz e da cor que se fai nela describindo a influencia que exercen e as relacións que se establecen.	É quen de recoñecer obras fundamentais de artistas anteriores.	TI	100
CA4.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións a través de creacións gráficas e debuxos propios incorporando, de forma guiada, procedementos ou técnicas de claroscuro e cor utilizados en referentes artísticos de interese para o alumnado.	Utiliza o claroscuro onde valore distintos tons en función da representación da luz		
CA4.3 - Analizar e empregar con intencións comunicativas ou expresivas os mecanismos da percepción visual referidos á luz, ao claroscuro e á cor e as súas leis e principios mostrando interese nas súas aplicacións.	Traballa de xeito connotativo na representación da luz		
CA4.4 - Seleccionar e utilizar con destreza as ferramentas, medios e soportes máis adecuados á intención creativa empregando os valores expresivos do claroscuro e da cor nunha interpretación gráfica persoal da realidade.	Desenvolvese con corrección na representación de volumes empregando o claroscuro		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A luz e o volume. - Tipos de luz e de iluminación. - Valoración tonal e claroscuro. - Natureza, percepción, psicoloxía e simboloxía da cor. - Monocromía, bicromía e tricromía. Aplicacións básicas da cor no debuxo.

UD	Título da UD	Duración
5	A COR.	25

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar os referentes artísticos dunha obra determinada con relación ao uso da luz e da cor que se fai nela describindo a influencia que exercen e as relacións que se establecen.	Recoñece obras fundamentais de autores e autoras da Historia da arte.	TI	100
CA4.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións a través de creacións gráficas e debuxos propios incorporando, de forma guiada, procedementos ou técnicas de claroscuro e cor utilizados en referentes artísticos de interese para o alumnado.	É que de transmitir sentimentos nos seus traballos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Analizar e empregar con intencións comunicativas ou expresivas os mecanismos da percepción visual referidos á luz, ao claroscuro e á cor e as súas leis e principios mostrando interese nas súas aplicacións.	Analiza denotativamente unha obra propia		
CA4.4 - Seleccionar e utilizar con destreza as ferramentas, medios e soportes máis adecuados á intención creativa empregando os valores expresivos do claroscuro e da cor nunha interpretación gráfica persoal da realidade.	Coñece as técnicas e ferramentas utilizadas en clase.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A luz e o volume. - Tipos de luz e de iluminación. - Valoración tonal e claroscuro. - Natureza, percepción, psicoloxía e simboloxía da cor. - Monocromía, bicromía e tricromía. Aplicacións básicas da cor no debuxo.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A primeira semana do curso explicáronse de forma clara as normas hixiénicas e protocolos establecidos no IES e, con apoio de vídeos e presentacións, adicouse á análise da crise sanitaria, social e económica derivada da pandemia do Sars-CoV-2 e á concienciación sobre a necesidade do cumprimento das normas individuais e colectivas para a súa superación.

En Debuxo Artístico I poténsiase a metodoloxía activa tanto por parte do profesor que non só explica os métodos e contidos, sino que ademais interactúa co alumnado supervisando o traballo que este fai, como o propio alumnado que debe realizar as actividades propostas para conseguir os obxectivos. É imprescindible que o alumno traballe de forma continuada para acadar as habilidades manuais necesarias e unha maior seguridade no seu traballo, mediante a práctica do debuxo do natural, e que participe na clase mediante o comentario grupal dos traballos, tanto propios como dos compañeiros, así coma co análise, estudo e reinterpretación de obras de arte.

Modalidade Presencial:

Por parte da profesora explicación diaria ao grupo da parte teórica dos contidos de cada tema, con demostracións prácticas de resolución dos traballos de aplicación. Reforzo dos contidos e metodoloxías de traballo con vídeos explicativos, presentacións, libros, etc.

Explicacións do uso da Aula Virtual onde colócanse todos e cada un dos contidos explicados na clase, así coma vídeos das demostracións

prácticas, imaxes de referencia, presentacións etc. de forma que o alumno teña sempre unha guía á que acudir se esquece algunha parte do visto na clase presencial.

De cada contido propónse un ou varios traballos de aplicación, dependendo da importancia e peso do tema. Estes traballos realízanse na clase, posto que é a única maneira de poder demostrar a súa autoría, coa supervisión e apoio da profesora durante todo o proceso. I

Alguns traballos de carga máis persoal e creativa fanse na casa e despois exponse e coméntanse na clase de forma activa en postas en común.

Para cada traballo teñen un tempo de realización establecido e una fecha límite de entrega. Son traballos que levan

varias xornadas de traballo na clase, e despois completalo na casa.

É imprescindible que o alumno leve o traballo ao día.

O alumnado ten a obriga de gardar nunha carpeta todo os traballos realizados ata o fin do curso, identificados co nome e nº do traballo do que se trate, máis o seu nome, apelido e curso, escrito na parte posterior do mesmo.

Modalidade a distancia:

Mecanismos que o profesor adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado:

Aula Virtual.

Rexistro de faltas pasando lista reflexadas no Xade,

Agrupamentos:

O agrupamento usado e o Individual de pequenos grupos, Con este tipo de agrupamentos favorecemos a autonomía e a confianza na capacidade propia de cada alumno/a o enfrontarse a unha nova actividade.

O agrupamento de Gran Grupo, usase para traballar as postas en común dos traballos, permitindo a participación conxunta de todo o grupo e sendo moi útil á hora de coñecer as opinións e os coñecementos previos, do alumnado en xeral, sobre novos contidos; realizamos actividades en gran grupo o comezo dun tema ou proxecto, ademais serve para fomentar o respecto e interese polas opinións dos demais compañeiros, o respecto polo quenda da palabra, etc

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación	
M A T E R I A I S	R E C U R S O S :
C a r p e t a	A 1 .
B l o c k	2 .
L á p i c e s d e g r a f i t o d e d i f e r e n t e s d u r e z a s	3 .
G o m a b l a n d a e g o m a d e m i g a d e p a n	4 .
	5 .

Debido ao carácter práctico da asignatura, @alumn@ necesitará de diverso material para a realización dos traballos. Ao principio de curso darase ao alumnado unha lista de material básico para comezar a traballar e ao longo do curso iráselles informando do resto do material que terán que ir mercando.

O alumno ten a obrigación de achegar o material, específico da materia, para a execución dos traballos que se executen na aula, poñendo especial coidado cando se realicen exames de carácter práctico. Non se utilizará libro de texto.

O material será o seguinte:

O Departamento conta con aula específica para a impartición da materia, pero non suficientemente dotada.

Espazos e medios do Departamento de Debuxo:

As aulas, teñen un ordenador e oroxector, non están dotadas especificamente para impartir a materia xa que a aula é compartida con outras materias.

Esperamos que o Departamento sexa dotado dos medios tecnolóxicos e instalacións máis adecuadas para impartir a docencia desta materia.

Seminario de Debuxo:

Lugar de traballo do profesorado nas horas complementarias. Nel fanse as reunións do departamento, arquívanse os traballos e serve como

espazo de atención de alumnado. Non é posible facer un uso del cando estase a impartir outras materias, xa que dito espazo está integro na aula.

Un Ordenador con conexión a internet.

Cámara de fotografía dixital de uso común para todo o les.

Tórculo.

Cabaletes

Modelos de escaiola.

Aula de Plástica.

No presente curso impártense só as materias de Debuxo Artístico I e II e Educación plástica da Eso, e Fundamentos da Arte II..

É un único espazo, ocupado todo por mesas de Debuxo que enchen todo o espazo da aula e non fai posible a colocación de bodegóns nen cabaletes..

Canon de vídeo e unha pantalla.

Biblioteca de aula sobre técnicas de debuxo e pintura.

Hai auga corrente e unha pileta. Conta cunha serie de obxectos elaborados ou doados polo profesorado do departamento para poder realizar bodegóns e modelos cara ao desenvolvemento dos contidos específicos de Debuxo Artístico e Técnicas da Expresión Gráfico- Plásticas (encaixado, composición, claroscuro, cor), tamén hai modelos de escaiola, focos de obra, soamente un ten pé,, Taboleiros.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nos primeiros días de clase realizarase unha proba para determinar o nivel do que parte cada alumno. Isto permitirá coñecer cales son as necesidades e dificultades así como as destrezas dos alumnos e axudará a saber en que aspectos terá que facer maior fincapé o profesor con cada un dos alumnos.

Data prevista de realización: primeira ou segunda semana do comezo do curso escolar .

Descrición do tipo de proba:

Debuxo dun ou varios obxectos ou plantexamentos (rostro, espacio en perspectiva, trazos) feitos polo profesor así como preguntas orais sobre aspectos relacionados coa materia.

Consecuencias dos resultados da proba: Coñecemento por parte do profesor do nivel individual de cada alumno e do grupo na materia.

Exercicio de Encaixe e proporción, criterio co que se comprobaran as capacidades perceptiva e expresiva, sentido espacial, destreza, ...

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	20	20	20	20	100
Proba escrita	5	0	0	0	0	1
Táboa de indicadores	95	100	100	100	100	99

Criterios de cualificación:

A cualificación de cada trimestre calcularase da seguinte forma:

-Traballos: o promedio de todos os traballos realizados será o 90% da nota do trimestre calculada da seguinte maneira: os traballos realizados na aula valdrán o 50% da nota do trimestre e os traballos reralizados na casa valdrán o 25 % da nota do trimestre.

-Exames: o exame realizado valdrá un 25% da nota do trimestre.

-Actitude: o comportamento do alumnado xunto co cumprimento dos puntos nomeados no apartado b, valdrán un 10% da nota do trimestre.

Criterio: a suma das porcentaxes dos tres puntos anteriores (traballos+exame+actitude) dará unha nota que será a do trimestre. Considerarase que un alumno aproba o trimestre sempre que a suma das tres porcentaxes sexa igual ou superior a cinco. A avaliación será contínua e progresiva xa que se considera que un alumno que aproba o terceiro trimestre acada os obxectivos mínimos plantexados nesta programación polo que a nota media do curso será a nota do terceiro trimestre.

Cando un alumno suspenda o terceiro trimestre terá que presentarse ao exame final, proba ordinaria. Considerase

que o alumno aproba o exame final se saca unha nota igual ou superior a 5.

Alumnado que deberá realizar a avaliación final

Aquel que non aprobe a terceira avaliación.

Descrición do tipo de proba

- Comprensión e representación da composición espacial dunha serie de obxectos, e a súa visualización máis axeitada.

Estándares que se van avaliar

- A realización correcta da composición, as proporcións relativas dos elementos elixidos, a perspectiva, e a iluminación empregada.

- As proporcións correctas, a estética e a orixinalidade na interpretación da obra.

- Utiliza a liña na descrición gráfica de obxectos expresando volume, movemento, espazo e sensacións subxectivas.

- Representa o volume, o espazo e a textura aplicando técnicas gráfico-plásticas mediante valores lumínicos.

- Representa os matices cromáticos, a partir de observación do natural, mediante a mestura de cores primarias.

Como se calcula a cualificación final

- A nota final será a obtida no exámen, segundo os criterios de corrección do exame tipo.

Teranse en conta os criterios do Centro para a promoción.

Avaliación extraordinaria:

Cando un alumno suspenda o curso terá que presentarse a una proba extraordinaria que se realizará nas datas fixadas polo centro.

Estándares que se van avaliar

- A realización correcta da composición, as proporcións relativas dos elementos elixidos, a perspectiva, e a iluminación empregada.

- As proporcións correctas, a estética e a orixinalidade na interpretación da obra.

- Utiliza a liña na descrición gráfica de obxectos expresando volume, movemento, espazo e sensacións subxectivas.

- Representa o volume, o espazo e a textura aplicando técnicas gráfico-plásticas mediante valores lumínicos.

- Representa os matices cromáticos, a partir de observación do natural, mediante a mestura de cores primarias.

Como se calcula a cualificación final

- A nota final será a obtida no exámen, segundo os criterios de corrección do exame tipo.

considerando que a materia queda aprobada se a nota deste exame é igual ou superior a 5.

Se a nota do exame de setembro é inferior a 5 o alumno quedará ca asignatura pendente para o seguinte curso a non ser que repita curso, polo que deberá cursar-la de novo.

Os instrumentos utilizados para avaliar incluírán:

a) Respecto ao traballo:

- Seguimento diario.

- Traballo diario.

- Preguntas orais en clase.

- Realización correcta e entrega de todos os traballos (graos mínimos de consecución e cumprimento dos estándares de aprendizaxe).

- Realización correcta e entrega dos traballos de ampliación.

- Entrega dentro dos prazos fixados.

- Presentación correcta, orde e limpeza.

- Avaliación das competencias esixidas.

b) Respecto a actitude:

- Puntualidade nas entregas.

- Autonomía e iniciativa persoal.

- Participación activa.

- Interese pola materia e afán de mellora.

- Comportamento correcto c@s compañeir@s e coa profesora.

- Respeto pola asignatura.

- Cuidado do material e da aula.

c) Respecto ao exame:

- Cumplimento dos graos mínimos de consecución e dos estándares de aprendizaxe.

- Realizarase unha corrección mediante rúbricas que permitirá asignar unha porcentaxe da nota a cada criterio e servirá para que o alumnado sexa capaz de coñecer e valorar tanto os erros cometidos como o traballo ben feito.

Criterios de recuperación:

É avaliación continua e progresiva

A avaliación será continúa e progresiva xa que se considera que un alumno que aproba o terceiro trimestre acada os obxectivos mínimos plantexados nesta programación polo que a nota media do curso será a nota do terceiro trimestre.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A materia cúrsase por primeira vez nunha nova etapa educativa, o bacharelato, polo tanto non hai posibilidade de pendentes de cursos anteriores.

No caso de que aia algún alumno coa materia pendente, éste terá a posibilidade de recuperala, da seguinte maneira:

- Os alumnos, que estean a cursar segundo de bacharelato, que non cursasen a materia de Debuxo Artístico I o ano anterior por cambio de modalidade de bacharelato, teñen dereito a asistir ás clases e examinarse cos mesmos criterios que os demais alumnos do seu grupo. A entrega de traballos e asistencia o día dos exames parciais posibilitaralles aprobar por curso co mesmo baremo.

- Os alumnos coa materia pendente do curso anterior, que estean a cursar segundo de bacharelato, ofréceselles tamén a posibilidade de asistir ás clases, de forma presencial, nun horario compatible co seu, mañá, vespertino ou tarde, para poder superar a materia con avaliación continúa.

- Se o alumno rexeitase esta posibilidade, non se presenta ós exames trimestrais ou suspende, examínase de toda a materia, nun único exame na data fixada pola Xefatura de Estudos. Neste exame, fundamentalmente de carácter práctico, avalíaranse os mesmos estándares de aprendizaxe da proba ordinaria de xuño considerando que a materia queda aprobada se a nota deste exame é igual ou superior a 5.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

6. Medidas de atención á diversidade

Medidas ordinarias

Organizativas

¿ Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula.

- a) Tempos diferenciados, horarios específicos, etc.
- b) Espazos diferenciados.

Curriculares

- c) Materiais e recursos didácticos diferenciados.

¿ Adaptacións metodolóxicas para algún alumno / grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.

¿ Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da co-municación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional.	X	X	X	X	X
ET.2 - Desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.	X	X	X	X	X
ET.3 - A autorregulación e o uso responsable das tecnoloxías da información e a comunicación	X	X	X	X	X

Observacións:

Ademais dos elementos transversais establecidos no artigo 4 do Decreto 86/2015 do 25 de xuño, dende a materia de Debuxo Artístico traballaremos contidos relacionados con medios de comunicación en calquera proceso de investigación ou proxecto que se valga dos aspectos visuais, das ideas e das formas para visualizar o que se estea a deseñar e, de ser o caso, definir dun xeito claro, o que se desexa producir; é dicir, como linguaxe universal nos seus dous niveis de comunicación: comprender ou interpretar a información codificada, e expresarse ou elaborar información comprensible polas persoas destinatarias interpretando a documentación gráfica elaborada de acordo coa normas convencionais.

Isto require, ademais do coñecemento das principais normas de debuxo, un desenvolvemento avanzado da súa visión espacial, entendida como a capacidade de abstracción para visualizar ou imaxinar obxectos tridimensionais representados mediante imaxes planas .

Os mecanismos para de traballo consistirán en:

- Desenvolver a autoestima e a participación, mediante o traballo en equipo
- Favorecer a comunicación interpersonal, promovendo a educación para convivencia, a tolerancia e a igualdade entre homes e mulleres
- A autorregulación e o uso responsable das tecnoloxías da información e a comunicación

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Debuxo da natureza	Cando o tempo o permita se realizarán saídas a contorna do centro para facer traballos do natural.			
Saídas extraescolares	Serán as que o centro propoña.			
Plan Proxecta: Donas de sí	Na materia de D.A I participase no traballo desenvolvido neste plan que fomenta a igualdade e o respecto.			

Observacións:

As saídas coincidirán co horario habitual de traballo da materia.

Debido a distancia do Varco de Baldeorras con outras poboacións e a pouca de oferta cultural que se oferta na vila, as actividades complementarias son dificultosas de realizar. Sen embargo o departamento mantén o contacto e apoia todas aquelas que o centro teña a ben organizar.

O plan proxecta implica a distintos departamentos e a diferentes docentes do instituto. A aprotación na materia de D.A I será a realización de traballos que fomenten a igualdade entre sexos, dar a coñecer a obra de mulleres artistas de distintas épocas e fomentar a idea de igualdade e a non discriminación por motivos de sexo ou xénero.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación dos materiais utilizados
Adecuación da planificación
Medidas de atención á diversidade
Uso das Tic
Inclusión de temas transversais

Descrición:

Os instrumentos necesarios para avaliar en todo momento ao longo do curso a práctica docente serven para, de ser o caso, facer as oportunas modificacións e matizacións que supoñan unha mellor calidade e resultados nos procesos de ensino-aprendizaxe; así, en cada trimestre, logo de cada avaliación, farase un seguimento pormenorizado dos logros de consecución positiva dos indicadores

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Avaliar en todo momento ao longo do curso a práctica docente servirá para, de ser o caso, facer as oportunas modificacións e matizacións que supoñan unha mellor calidade e resultados nos procesos de ensino-aprendizaxe. Así, en cada trimestre, logo de cada avaliación farase un seguimento pormenorizado dos logros de consecución positiva dos indicadores embaixo citados.

Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

1_ Utilización das TIC:

En ningunha unidade Nalgunhas unidades Na maioría das unidades En todas as unidades

2_ Cumprimento do proxecto lector:

Nunca As veces A maioría das veces Sempre

3_ Porcentaxe de aprobados:

50% - 60% 60% - 70% 70% - 85% 85% - 100%

4- Realización de actividades enparella, grupo, etc:

. En ningunha unidade . Nalgunhas unidades . Na maioría das unidades En todas as unidades

5 - Emprego de recursos variados na práctica docente:

En ningunha unidade, Nalgunhas unidades, Na maioría das unidades, En todas as unidades

6- Tratamento de temas transversais:

Non se trataron os temas transversais, Tratáronse algúns dos temas establecidos, Tratáronse a maioría dos temas establecidos, Tratáronse todos os temas establecidos

7- Cumprimento da temporalización

En ningunha unidade, Nalgunhas unidades, Na maioría das unidades, En todas as unidades,

9. Outros apartados